



Os alumnos tamén visitaron o Museo Nacional da Ciéncie e Tecnoloxía, o MUNCYT, da Coruña para recabar información.

MANOLITA VIAXOU A LÚA PARA CALCULAR TODOS OS CONTIDOS MATEMÁTICOS

Os robots dos alumnos de Lousame exploran o espazo

O androide foi construído polos estudantes de segundo curso nun traballo a través dunha aprendizaxe cooperativa

ANA B. VÁZQUEZ
LOUSAME/ LA VOZ

A experiencia de observar a lúa é, sen dúbida, algo cambiante. Existen moitas formas de vela: lonxana, cercana, astronómica, científica... Cada persoa a observa de xeito distinto e ademais, dependendo do momento, tamén ela é difente. Sen embargo, o que se propuxeron os alumnos do Primeiro Ciclo do CEIP Cernadas de Castro en Lousame foi ollala desde un punto de vista matemático e social.

Para iso, mandaron o robot Manolita a explorar o espazo exte-

rior e así poder calcular todos os contidos da lúa, a través dun traballo de aprendizaxe cooperativa.

Manolita é un autómatas que naceu do esforzo dos alumnos de Segundo cos compañeiros de 2º da ESO na aula de tecnoloxía, que levoulles a realizar unha viaxe imaxinaria ao espazo para coñecer qué podemos atopar nel.

Esta expedición permitiulles coñecer aspectos tan interesantes como as fases da lúa, os planetas e as estrelas, e o movemento de rotación e traslación.

En definitiva, tiveron a oportunidade de explorar o Universo.

